

Lobeira, Lobeira, +-1985

Informante: Xaquín Lorenzo Fernández

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth. Edición: Francisco Collantes



Museo
do Pobo
Galego

TRANSCRIPCION DO TEXTO

DURACION 0:10:43

INCIPIT: E QUE NON ME ACORDO – VIVA VIVA LUBEIRIÑA



instituto de
estudos das
identidades

- E que non me acordo neste momento con que letra cantareI

Viva, viva Lubeiriña	E mailos mozos tamén
Viva viva ben	Ai ai elelo ai elelo
Lubeiriña viva viva	Ai ai elelo ai elelo
Lubeiriña viva ben	Ai ai elelo ai elelo
Vivan as mozas garridas	Ai la la ra la, la la
E mailos mozos tamén	Ai la la ra la, la la
	La la (e segue tarareando)

- Si , mesmo se usté ...

Unha vella tiña un can
 Debaixo da cama donde ela durmía
 Cando a vella cantaba o can lle ladraba
 E a vella dicía
 Malos demos che leven o can
 Que mal agradeces o pan que che dan
 Malos demos che leven o can
 Que mal agradeces o pan que che dan

- (Risas dos dous)
- Esa é moi bonita

Unha vez caín no río
 Outra vez caín no mar
 Outra nos teus brazos, Lela
 Non me puiden levantar
 Ai ai ai
 Ai ai ai
 Outra nos teus brazos, nena
 Non me puiden levantar

- Esa é moi bonita
- E uste que cree, que clase, que xenero, de música é?
- Francamente non sei en onde encaixala



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Viva Lubeiriña viva
Con todos seus arredores
Terra de moitas castañas
Vivan os apañadores
Vivan os apañadores
Ai elelo ai elelo

- Esta si que é jota (risas de Dora)
- Sí, esa sí.
- Esta é o alalá de Lobeira

Quen me dera en Lubeira
Quen en Lubeira me dera
Quen me dera en Lubeira
Lubeiriña, miña terra
Ai la la la la
Ai la la la la
A la lala la la la la la

Pasei a ponte de Noia
Ai pasei a ponte de Noia
Ai paseina de pedra en pedra
Ai coas bagoas dos meus ollos
Ai fixen encher a marea
Ai fixen enchela marea
Ai e lelo...

- Pero eso non é de Lobeira
- Non pero eso é que tamén figura aquí
- Por eso, xa me parecia a min que tiña que ser de Coruña
- Eso é dos arredores de Santiago
- Dos arredores de Santiago, si

A cinta de namorare
Ai a cinta namoradeira
A cinta de namorare
Ai a cinta namoradeira
Ai cinta de namorare
Ai traigocha na faltriqueira

- A veces observará unha cousa, que repito o primeiro verso
- Si
- Unhas veces é porque realmente a aprendin así. Outras veces é porque non me sae a entonación no primeiro. Entónceas a que vale é a do segundo.



Unha volta polo medio
I outra polo arredore
I outra polo arredore
Esí fan os que ben ballan
esí fan os que ben ballan
Así fan os bailladores
Así fan os bailladores
Así fan os bailladores

- E que eu esta aprendina repetindo tres veces o final...
- Aqui tamén nesta zona?
- Non, en Santiago. E unha das que transcriben ustedes aqui

Dame lume Sara
Co teu candieiro
Dame lume Sara
Que son mariñeiro
S'eres mariñeiro
Apag' o candil
Qu'a luz dos meus ollos
Ch 'habrán de servir

- Esa é moi bonita
- (leixa)prén.. e decir, o aproveitar o final dunha cantiga pra comenzar a cantiga seguinte
- Ah, o encadenar, si
- O encadenamento ou leixapréñ.
- Como lle chama usté
- O encadenamento ou leixapren
- Ah non sabía que se chamaba así!
- E o nome clasico, verdá, o leixapren
- Estou mal de idioma
- Bueno, porque hai unha cousa moi bonita destas co leixapren. Vamos a ver se me sae:

Onde vas
O Maruxiña
Nesta mañán de xiada
Veño da ribeira nova
De regar toda mollada

De regar toda mollada
De falar con quen queria
Veño da ribeira nova
Toda chea de alegria

Toda chea de alegria
Toda chea de calor
Veño da ribeira nova
De falar co meu amor

- É un caso de leixapréñ

Bueno, a da herba

E si vas a herba
Heiche de ir erguer
Dareiche un abrazo
Maruxiña do meu querer



- Paréceme que non está no...



Museo
do Pobo
Galego

Canta ti cantarei eue
Iremolos dous cantando
Cante quen tivera amores
Cos nosos vanse acabando



instituto de
estudos das
identidades

- Esa tamen é moi bonita
- Esta donde a aprendín eu foi polos arredores de Santiago, a comarca de Santiago de Compostela
- A letra é moi conocida
- Si a letra esta é moi corrente
- Si pero a música

Vente sentar o meu lado
Tí nunha pedra e eu noutra
Esi cantaremos xuntos
A nosa fertuna pouca

- Esa si, esa aprendina en Lobeira. É unha das que se me estaba acordando antes e non...
- Esta non é de Lobeira non?
- Non, Esa é da comarca de Vigo
- Escápaseme a musica desa, a ver repítame o que ten apuntado...

FINAL DO CORTE 2 A 0:10:43